

REVISTA
GALLEGA
DE
DIREITO
SOCIAL

SELECCIÓN DE SENTENCIAS

Sentencia do Tribunal de Xusticia de 15 de xaneiro de 2002

«Procedemento prexudicial – Artigos 12 CE e 39 CE, apartado 2 – Prestacións de vellez – Convenio de seguridade social concluído entre a República Italiana e a Confederación Suíza – Exclusión dos períodos de cotización cubertos en Suíza por un nacional francés»

No asunto C-55/00,

que ten por obxecto unha petición dirixida ó Tribunal de Xusticia, con arreglo ó artigo 234 CE, polo Tribunale ordinario di Roma (Italia), destinada a obter, no litixio pendente perante dito órgano xurisdiccional entre

Elide Gottardo

Instituto Nazionale della Previdenza Sociale (en adiante, «INPS»),

unha decisión prexudicial sobre a interpretación dos artigos 12 CE e 39 CE, apartado 2,

O Tribunal de Xustiza

integrado polo Sr. G.C. Rodríguez Iglesias, Presidente, a Sra. F. Macken e o Sr. S. von Bahr, Presidentes de Sala, e os Sres. C. Gulmann, D.A.O. Edward (Ponente), A. La Pergola, L. Sevón, M. Wathelet, V. Skouris, J.N. Cunha Rodrigues e C.W.A. Timmermans, Xuíces;

Avogado Xeral: Sr. Ruiz-Jarabo Colomer;

Secretaría: Sra. L. Hewlett, administradora;

considerada-las observacións escritas presentadas e tendo considerado o informe para a vista;

oída-las observacións orais da Sra. Gottardo, do INPS, do Goberno italiano e da Comisión, expostas na vista de 6 de marzo de 2001;

oída-las conclusións do Avogado Xeral, presentadas en audiencia pública o 5 de abril de 2001;

dicta a seguinte

SENTENCIA

Mediante resolución de 1 de febreiro de 2000, recibida no Tribunal de Xusticia o 21 de febreiro seguinte, o Tribunale ordinario di Roma presentou, con arreglo ó artigo 234 CE, unha cuestión prexudicial sobre a interpretación dos artigos 12 CE e 39 CE, apartado 2.

Dita cuestión subscitouse no marco dun litixio entre a Sra. Gottardo, nacional francesa, e o INPS en relación co dereito da Sra. Gottardo a obter unha pensión de vellez italiana.

A normativa comunitaria

O artigo 12 CE dispón:

«No ámbito de aplicación do presente Tratado, e sen perxucio das disposicións particulares previstas no mesmo, prohibirase toda discriminación por razón da nacionalidade.

O Consello, con arreglo ó procedemento previsto no artigo 251, poderá establecer a regulación necesaria para prohibir ditas discriminacións.»

Segundo o artigo 9 CE, apartados 1 e 2:

«1. Quedará asegurada a libre circulación dos traballadores dentro do Comunidade.

2. A libre circulación suporá a abolición de toda discriminación por razón da nacionalidade entre os traballadores dos Estados membros, con respecto ó emprego, a retribución e demais condicións de traballo.»

A coordinación das lexislacións nacionais en materia de seguridade social forma parte do ámbito da libre circulación de persoas e constitúe o obxecto do Regulamento (CEE) nº 1.408/71 do Consello, de 14 de xuño de 1971, relativo á aplicación dos réximes de seguridade social ós traballadores por conta allea, ós traballadores por conta propia e ós membros das súas familias que se desprazan dentro da Comunidade, na súa versión modificada e actualizada polo Regulamento (CEE) nº 2.001/83 do Consello, de 2 de xuño de 1983 (DO L 230, p. 6; EE 05/03, p. 53), modificado polo Regulamento (CE) nº 3.096/95 do Consello, de 22 de decembro de 1995 (DO L 335, p. 10)(no sucesivo, «Regulamento nº 1.408/71»).

O artigo 3 do Regulamento nº 1.408/71 establece:

«1. As persoas que residan no territorio dun dos Estados membros e ás cales sexan aplicables as disposicións do presente Regulamento, estarán suxeitas ás obrigas e poderán acollerse ó beneficio da lexislación de todo Estado membro nas mesmas condicións que os nacionais deste, sen perxuício das disposicións particulares contidas no presente Regulamento.

2.[...]

3. O beneficio das disposicións de convenios de seguridade social que sigan a ser aplicables en virtude da letra c) do apartado 2 do artigo 7, así como das disposicións dos convenios concluídos en virtude do apartado 1 do artigo 8, farase extensivo a tódalas persoas ás cales se aplique o presente Regulamento, a menos que se dispoña outra cousa no anexo III.»

7. O artigo 1, letra j), parágrafo primeiro, e letra k), do Regulamento nº 1.408/71 prevé o seguinte:

«Para as fins de aplicación do presente Regulamento:

[...]

j) o termo *lexislación* designa, para cada Estado membro, as leis, s regulamentos, as disposicións estatutarias e calesquera outras medidas de aplicación, existentes ou futuras, que se refiren ás polas e réximes de seguridade social mencionados nos apartados 1 e 2 do artigo 4 ou ás prestacións especiais de carácter non contributivo contempladas no apartado 2 *bis* do artigo 4.

[...]

k) a expresión *convenio de seguridade social* designa todo instrumento bilateral ou multilateral que vincule ou poida vincular exclusivamente a dous ou varios Estados membros, así coma todo instrumento multilateral que vincule ou poida vincular ó menos a dous Estdo membros e a un ou vario outros Estados no campo da seguridade social, para o conxunto ou parte das polas e réximes mencionados nos apartados 1 e 2 do artigo 4, así como os acordos de calquera natureza concluídos no marco de ditos instrumentos».

A normativa nacional

8. A República Italiana e a Confederación Suíza firmaron en Roma, o 14 de decembro de 1962, un Convenio bilateral en materia de seguridade social así coma o protocolo final e unha serie de declaracións comúns (no sucesivo, «Convenio italo-suízo»). Dito Convenio foi ratificado na República Italiana mediante a Lei nº 1.781, de 31 de outubro de 1963 (GURI nº 326, de 17 de decembro de 1963), e entrou en vigor o 1 de setembro de 1964.

9. O artigo 1, apartado 1, do Convenio italo-suízo dispón:

«O presente convenio aplicarase:

a) en Suíza:

[...]

b) en Italia:

i) á lexislación do seguro de invalidez, de vellez e por supervivencia, incluído-los réximes especiais que substitúen ó réxime xeral para determinadas categorías de traballadores;

[...]

10. Segundo o artigo 2 do Convenio italo-suízo, «os nacionais suízos e italianos gozarán de igualdade de trato respecto ós dereitos e obrigas que se derivan do disposto nas lexislacións enumeradas no artigo 1».

11. O artigo 9, que forma parte do capítulo 1, titulado «Seguro de invalidez, de vellez e por supervivencia», da terceira parte do Convenio italo-suízo, establece o que se pode calificar como «principio de acumulación». O apartado 1 de dito artículo dispón:

«Cando, tendo en conta soamente os períodos de seguro e os períodos asimilados

«cubertos segundo a lexislación italiana, un asegurado non poida exercer un dereito a unha prestación de invalidez, de vellez ou por supervivencia con arreglo a dita lexislación, os períodos cubertos no seguro de vellez e por supervivencia suízos (períodos de cotización e períodos asimilados) acumularanse cos períodos cubertos no seguro italiano para ter dereito a ditas prestacións, sempre que estes períodos non se solapen.»

12. O 2 de abril de 1980, os dous Estados contratantes asinaron un acordo complementario do Convenio italo-suízo, que foi ratificado na República Italiana mediante a Lei nº 668, de 7 de outubro de 1981 (GURI nº 324, de 25 de novembro de 1981), e que entrou en vigor o 10 de febreiro de 1982. O artigo 3 de dito acordo complementario ten por obxecto amplia-lo ámbito do principio de acumulación, como se define no apartado precedente, engadindo ó artigo 9, apartado 1, do Convenio italo-suízo o seguinte parágrafo:

«Cando un asegurado non poida exercer un dereito a prestacións aínda tendo en conta o disposto no parágrafo anterior, acumularanse tamén os períodos de seguro cubertos en países terceiros vinculados ó mesmo tempo con Italia e Suíza por convenios de seguridade social relativos ós seguros de invalidez, vellez e por supervivencia.»

13. No momento da entrada en vigor de dito acordo complementario, a acumulación dos períodos de cotización era posible cos seguintes países: os Reinos de Bélxica e de Dinamarca, a República Federal de Alemaña, a República Helénica, o Reino de España, o Gran Ducado de Luxemburgo, o Reino dos Países Baixos, a República de Austria, o Reino de Suecia, o Reino Unido de Gran Bretaña e Irlanda do Norte, o Principado de Liechtenstein, os Estados Unidos de América e a República Federativa de Iugoslavia. Dado que a República Francesa non celebrou ningún convenio coa Confederación Suíza, os períodos de cotización cubertos en Francia non poden, no marco do Convenio italo-suízo, ser computados para adquirilo dereito ás prestacións de vellez, por supervivencia ou de invalidez.

O litixio no procedemento principal e a cuestión prexudicial

14. A Sra. Gottardo, italiana por nacemento, renunciou a esta nacionalidade en favor da francesa tras contraer matrimonio en Fran-

cia, o 7 de febreiro de 1953, cun nacional francés. Conforme ós datos que figuran nos autos, a Sra. Gottardo estaba obrigada a adquirirla nacionalidade do seu esposo naquela época.

15. A Sra. Gottardo traballou, sucesivamente, en Italia, Suíza e Francia, países ós que cotizou á seguridade social a razón de 100 semanas en Italia, 252 semanas en Suíza e 429 semanas en Francia. A demandante percebe as pensións de vellez suíza e francesa, que lle foron concedidas sen necesidade de recurrir á acumulación dos períodos de cotización.

16. Da información facilitada ó Tribunal de Xustiza despréndese que a Sra. Gottardo desexa obter, con arreglo á normativa italiana en materia de seguridade social, unha pensión de vellez italiana. Sen embargo, aínda que as autoridades italianas tivesen en conta os períodos de seguro cubertos en Francia, conforme ó artigo 45 do Regulamento nº 1.408/71, a acumulación dos períodos italiano e francés non lle permitiría acadalo tempo mínimo de cotización esixido pola normativa italiana para ter dereito a unha pensión italiana. A Sra. Gottardo só tería dereito á pensión de vellez italiana se se computaran ademais os períodos de seguro cubertos en Suíza, en virtude do principio de acumulación do artigo 9, apartado 1, do Convenio italo-suízo.

17. A solicitude de pensión de vellez que a Sra. Gottardo presentou o 3 de setembro de 1996 foi denegada polo INPS mediante resolución de 14 de novembro de 1997, debido a que era nacional francesa e, en consecuencia, non se lle aplicaba o Convenio italo-suízo. A reclamación administrativa interposta pola Sra. Gottardo contra dita resolución foi desestimada polo mesmo motivo mediante resolución do INPS de 9 de xuño de 1998.

18. Así pois, a Sra. Gottardo interpuxo un recurso perante o Tribunale ordinario di Roma, no que alega que, por te-la nacionalidade dun Estado membro, o INPS debe de recoñecerlle o dereito a pensión nas mesmas condicións que ós seus propios nacionais.

19. O considerar que a denegación da solicitude da Sra. Gottardo polo INPS, baseada exclusivamente en que ten a nacionalidade francesa, podería ser contraria ó artigo 12 CE ou ó artigo 39 CE, o Tribunale ordinario di Roma decidiu suspenderlo procedemento e plantexar ó Tribunal de Xusticia a seguinte cuestión prexudicial:

«O traballador nacional dun Estado membro, que pode invoca-lo pago de cotizacións de seguridade social perante a institución competente doutro Estado membro, ¿ten dereito a que se lle liquide a pensión de vellez mediante a acumulación dos períodos de seguro cubertos perante a institución de seguridade social dun Estado alleo á Unión Europea baseándose en que o Convenio celebrado con ese país terceiro aplícallo o Estado membro no que se reclama a pensión en favor dos seus propios nacionais?»

Apreciación do Tribunal de Xustiza

20. Mediante a súa cuestión, o órgano xurisdiccional remitente pregunta esencialmente se, con arreglo ás obrigas comunitarias que lles incumben en virtude do artigo 12 CE ou do artigo 39 CE, as autoridades de seguridade social competentes dun primeiro Estado membro (no asunto principal, a República Italiana) deben de computar a efectos do dereito a prestacións de vellez os períodos de seguro cubertos nun país terceiro (no asunto principal, a Confederación Suiza) por un nacional dun segundo Estado membro (no asunto principal, a República Francesa) cando, nas mesmas condicións de cotización, ditas autoridades competentes recoñecen, de conformidade cun convenio internacional bilateral celebrado entre o primeiro Estado membro e un país terceiro, o cómputo de ditos períodos cubertos polos seus propios nacionais.

21. É preciso destacar que, segundo o artigo 12 CE, o principio de non discriminación produce os seus efectos «no ámbito de aplicación do [...] Tratado» e «sen perxuício das disposicións particulares previstas no mesmo». Mediante esta última expresión, o artigo 12 CE remite fundamentalmente a outras disposicións do Tratado nas que a aplicación do principio xeral por el enunciado concrétase en situacións específicas. Tal é o caso, entre outros, das disposicións relativas á libre circulación de traballadores (véxase, a este respecto, a sentenza de 2 de febreiro de 1989, Cowan, 186/87, Rec. p. 195, apartado 14).

Sobre o principio de igualdade de trato previsto no Tratado

22. A Sra. Gottardo, que traballou por conta allea coma profesora en dous Estados membros distintos, exerceu o seu dereito á libre circulación. A súa solicitude de obtención dunha pensión de vellez mediante a acumulación dos períodos de seguro que cubrú entra

no ámbito de aplicación tanto persoal coma material do artigo 39 CE.

23. Da resolución de remisión despréndese que as autoridades italianas competentes recoñecen ós seus nacionais que teñan cotizado á seguridade social tanto no sistema italiano coma no sistema suízo de seguridade social e que se atopen, por tanto, nunha situación idéntica á da Sra. Gottardo a posibilidade de obter a liquidación das súas pensións de vellez mediante a acumulación dos períodos de seguro italianos e suízos.

24. Como admitiu o INPS nas súas observacións, se a Sra. Gottardo tivese conservado a nacionalidade italiana, cumpriría os requisitos para ter dereito á pensión de vellez italiana. O INPS non discute que a denegación da solicitude se debeu unicamente á nacionalidade francesa da Sra. Gottardo. En consecuencia, é manifesto que se trata dunha diferenza de trato baseada unicamente na nacionalidade.

25. Non obstante, segundo o Goberno italiano e o INPS, a negativa deste último a conceder á Sra. Gottardo unha pensión de vellez mediante a acumulación dos períodos de seguro que se teñan cuberto tanto en Italia e en Francia coma en Suíza xustifícase polo feito de que a celebración por un só Estado membro, neste caso a República Italiana, dun convenio internacional bilateral cun país terceiro, neste caso a Confederación Suíza, non está comprendida na esfera de competencias comunitarias.

26. O Goberno italiano refírese, a este respecto, ó tenor do artigo 3 do Regulamento nº 1.408/71, á luz das definicións que figuran no artigo 1, letras j) e k) de dito Regulamento, tal como foron interpretadas polo Tribunal de Xusticia na sentenza de 2 de agosto de 1993, Grana-Novoa (C-23/92, Rec. p. I-4.505).

27. Débese de lembrar que no asunto Grana-Novoa, antes citado, a demandante, nacional española, exercera unha actividade profesional en réxime de afiliación obrigatoria á seguridade social, primeiro en Suíza e logo en Alemaña. As autoridades alemáns denegáranlle unha pensión de invalidez alemá baseándose en que o número de anos traballados en Alemaña era insuficiente. A Sra. Grana-Novoa, como a Sra. Gottardo no asunto principal, pretendía acollerse ás disposicións dun convenio celebrado entre a República Federal de Alemaña e a Confederación Suíza, a aplicación do cal quedaba limitada ós cidadáns alemáns e suízos, coa finalidade de que

se lle computasen os períodos de seguro cubertos en Suíza.

28. Mediante a primeira cuestión que formulou o Bundessozialgericht, pedíase ó Tribunal de Xustiza que se pronunciase sobre a interpretación do concepto de «lexislación» contemplado no artigo 1, letra j) do Regulamento nº 1.408/71. O Tribunal de Xustiza declarou que un convenio celebrado entre un só Estado membro e un ou varios países terceiros non está comprendido no concepto de lexislación no sentido do Regulamento nº 1.408/71. A segunda cuestión do Bundessozialgericht, relativa ó principio de igualdade de trato, só se plantexaba no caso de que a resposta á primeira cuestión fose afirmativa, polo que o Tribunal de Xustiza non a examinou.

29. Dado que a cuestión presentada no presente asunto céntrase na aplicación de principios que se derivan directamente das disposicións do Tratado, é preciso lembra-la xurisprudencia do Tribunal de Xustiza en materia de convenios internacionais bilaterais.

30. A propósito dun acordo cultural celebrado entre dous Estados membros e que reservaba a concesión de becas de estudos unicamente ós nacionais de ámbolos dous Estados, o Tribunal de Xustiza declarou que o artigo 7 do Regulamento (CEE) nº 1.612/68 do Consello, de 15 de outubro de 1968, relativo á libre circulación dos traballadores dentro da Comunidade (DO L 257, p. 2; EE 05/01, p. 77), obrigaba ás autoridades dos dous Estados membros a estende-las axudas de formación, previstas polo acordo bilateral, ós traballadores comunitarios establecidos no seu territorio (véxase a sentenza de 27 de setembro de 1988, Matteucci, 235/87, Rec. p. 5.589, apartado 16).

31. O Tribunal de Xustiza declarou asimismo que, se existise o risco de que resultase obstaculizada a aplicación dunha disposición de Dereito comunitario por unha medida adoptada de conformidade cun convenio bilateral, aínda que este se celebrara fora do ámbito de aplicación do Tratado, todo Estado membro está obrigado a facilita-la aplicación desta disposición e a asistir, a tal efecto, a calquera outro Estado membro ó que corresponda unha obriga con arreglo ó Dereito comunitario (véxase a sentenza Matteucci, antes citada, apartado 19).

32. No caso dun convenio internacional bilateral celebrado entre un Estado membro e un país terceiro para evita-la dobre

imposición, o Tribunal de Xustiza lembrou que, se ben a fiscalidade directa é da exclusiva competencia dos Estados membros, estes últimos non poden, sen embargo, deixar de cumprilas normas comunitarias, senón que deben de exercer-la súa competencia respectando o Dereito comunitario. Polo tanto, o Tribunal de Xustiza declarou que o principio do trato nacional obriga ó Estado membro parte en dito convenio a conceder ós establecementos permanentes de sociedades domiciliadas noutro Estado membro as vantaxes previstas polo convenio nas mesmas condicións aplicables ás sociedades residentes no Estado membro parte no convenio (véxase, a este respecto, a sentenza de 21 de setembro de 1999, Saint-Gobain ZN, C-307/97, Rec. p. I-6.161, apartados 57 a 59).

33. De dita xurisprudencia despréndese que, ó aplica-los compromisos subscritos en virtude de convenios internacionais, xa se trate dun convenio entre Estados membros ou dun convenio entre un Estado membro e un ou varios países terceiros, os Estados membros deben, sen perxucio do disposto no artigo 307 CE, respecta-las obrigas que lles incumben en virtude do Dereito comunitario. O feito de que, pola súa parte, os países terceiros non teñan que respectar ningunha obriga con arreglo ó Dereito comunitario é, a este respecto, irrelevante.

34. Das consideracións que preceden resulta que cando un Estado membro celebra cun país terceiro un convenio internacional bilateral de seguridade social que prevé o cómputo dos períodos de seguro cubertos en dito país terceiro para ter dereito a prestacións de vellez, o principio fundamental de igualdade de trato obriga a dito Estado membro a conceder ós nacionais dos demais Estados membros as mesmas vantaxes que aquelas das que disfrutan os seus propios nacionais en virtude de dito convenio, a menos que poida xustificar obxectivamente a súa denegación.

35. Do anterior resulta, asimismo, que a interpretación que da o Tribunal de Xustiza do concepto de «lexislación» recollido no artigo 1, letra j), do Regulamento nº 1.408/71 non pode levar ó menoscabo da obriga de todo Estado membro de respecta-lo principio de igualdade de trato previsto no artigo 39 CE.

Sobre a existencia dunha xustificación obxectiva

36. Por suposto, cuestiona-lo equilibrio e a reciprocidade dun convenio interna-

cional bilateral celebrado entre un Estado membro e un país terceiro pode ser unha xustificación obxectiva para que o Estado membro parte en dito convenio se negue a estender ós nacionais dos demais Estados membros as vantaxes que dito convenio concede ós seus propios nacionais (véxase, neste sentido, a sentenza Saint-Gobain ZN, antes citada, apartado 60).

37. Sen embargo, nin o INPS nin o Goberno italiano probaron que, no asunto que deu lugar ó procedemento principal, as obrigas que lles impón o Dereito comunitario poñan en perigo ás que resultan dos compromisos subscritos pola República Italiana respecto da Confederación Suíza. A extensión ós traballadores nacionais de outros Estados membros do beneficio que supón o cómputo dos períodos de seguro cubertos en Suíza para ter dereito ás prestacións de velez italianas, aplicado unilateralmente pola República Italiana, non pon en absoluto en perigo os dereitos que se derivan para a Confederación Suíza do Convenio italo-suízo nin impón a esta novas obrigas.

38. As únicas obxeccións que o INPS e o Goberno italiano alegaron para xustificala súa negativa a admitila acumulación dos períodos de seguro cubertos pola Sra. Gottardo refírense ó eventual aumento das súas cargas financeiras e ás dificultades administrativas ligadas á colaboración coas autoridades competentes da Confederación Suíza. Ditos motivos non poden xustificala inobservancia pola República Italiana das obrigas que se derivan do Tratado.

39. En consecuencia, hase de responder á cuestión plantexada polo órgano xurisdiccional remitente que as autoridades de seguridade social competentes dun primeiro Estado membro deben, con arreglo ás obrigas comunitarias que lles incumben en virtude do artigo 39 CE, computar a efectos por un nacio-

nal dun segundo Estado membro cando, nas mesmas condicións de cotización, ditas autoridades competentes recoñecen, de conformidade cun convenio internacional bilateral celebrado entre o primeiro Estado membro e o país terceiro, o cómputo de ditos períodos cubertos polos seus propios nacionais.

Costas

40. Os gastos efectuados polos Gobernos italiano e austriaco, así como pola Comisión, que presentaron observacións perante este Tribunal de Xustiza, non poden ser obxecto de reembolso. Dado que o procedemento ten, para as partes do litixio principal, o carácter dun incidente promovido perante o órgano xurisdiccional nacional, corresponde a este resolver sobre as costas.

En virtude de todo o exposto,

O Tribunal de Xustiza

pronunciándose sobre a cuestión presentada polo Tribunale ordinario di Roma mediante resolución de 1 de febreiro de 2000, declara:

As autoridades de seguridade social competentes dun primeiro Estado membro deben, con arreglo ás obrigas comunitarias que lles incumben en virtude do artigo 39 CE, computar a efectos do dereito a prestacións de velez os períodos de seguro cubertos nun país terceiro por un nacional dun segundo Estado membro cando, nas mesmas condicións de cotización, ditas autoridades competentes recoñecen, de conformidade cun convenio internacional bilateral celebrado entre o primeiro Estado membro e o país terceiro, o cómputo de ditos períodos cubertos polos seus propios nacionais.

Pronunciada en audiencia pública en Luxemburgo, a 15 de xaneiro de 2002.

Sentencia do Tribunal de Xusticia de 19 de marzo de 2002

«Libre circulación de traballadores e liberdade de establecemento – Seguridade social- Determinación da lexislación aplicable- Persoas que exercen simultaneamente unha actividade por conta allea e unha actividade por conta propia no territorio de diferentes Estados membros- Suxeición á lexislación de seguridade social de cada un de ditos Estados- Validez do artigo 14 *quater*, apartado 1, letra b) [actualmente artigo 14 *quater*, letra b)] e do anexo VII do Regulamento (CEE) n° 1.408/71»

Nos asuntos acumulados C-393/99 e C-394/99,

que teñen por obxecto dúas peticións dirixidas ó Tribunal de Xustiza, dacordo co artigo 177 do Tratado CE (actualmente artigo 234 CE), polo Tribunal du travail de Tournai (Bélxica), destinadas a obter, nos litixios pendentes perante dito órgano xurisdiccional entre

Institut national d'assurances sociales pour travailleurs indépendants (en adiante, «Inasti»)

e

Claude Hervein,

Hervillier SA (asunto C-393/99),

Guy Lorthiois,

Comtexbel SA (asunto C-394/99),

unha decisión prexudicial sobre a validez do artigo 14 *quater*, apartado 1, letra b) [actualmente artigo 14 *quater*, letra b)] e do anexo VII do Regulamento (CEE) n° 1.408/71, relativo á aplicación dos réximes de seguridade social ós traballadores por conta allea, ós traballadores por conta propia e ós membros das súas familias que se desprazan dentro da Comunidade, na súa versión modificada e actualizada polo Regulamento (CEE) n° 2.001/83 do Consello, de 2 de xuño de 1983 (DO L 230, p. 6; EE 05/03, p. 53), e posteriormente na súa versión modificada polo

Regulamento (CEE) n° 3.811/86 do Consello de 11 de decembro de 1986 (DO L 355, p. 5),

O Tribunal de Xustiza

integrado polo Sr. G.C. Rodríguez Iglesias, Presidente, o Sr. P. Jann, as Sras. F. Macken e N. Conleric, Presidentes de Sala, os Sres. C. Gulmann, D.A.O. Edward, J.-P. Puissochet (Poñente), M. Wathelet e V. Skouris, Xuíces;

Avogado Xeral: Sr. F.G. Jacobs;

Secretario: Sr. H.von Holstein, Secretario adxunto;

considerada-las observacións escritas presentadas;

tendo considerado o informe para a vista;

oída-las observacións orais do Inasti; do Goberno helénico; do Consello e da Comisión, expostas na vista de 7 de febreiro de 2001;

oída-las conclusións do Avogado Xeral, presentadas en audiencia pública o 5 de abril de 2001;

dicta a seguinte

SENTENCIA

1. Mediante dúas resolucións de 5 de outubro de 1999, recibidas no Tribunal de Xustiza o 13 de outubro seguinte, o Tribunal du travail de Tournai presentou, dacordo co artigo 234 CE, dúas cuestións prexudiciais sobre a validez do artigo 14 *quater*, apartado 1, letra b) [actualmente artigo 14 *quater*, letra b)] e do anexo VII do Regulamento (CEE) n° 1.408/71, de 14 de xuño de 1971, relativo á aplicación dos réximes de seguridade social ós traballadores por conta allea, ós traballadores por conta propia e ós membros das súas familias que se desprazan dentro da Comunidade, na súa versión modificada e actualizada polo Regulamento (CEE) n° 2.001/83 do Consello, de 2 de xuño de 1983 (DO L 230, p. 6; EE 05/03, p. 53), e posteriormente na súa versión modificada polo Regulamento (CEE) n° 3.811/86 do Consello de 11 de decembro de 1986 (DO L 355, p. 5; no sucesivo, «Regula-

mento 1.408/71»), así como sobre o eventual alcance da declaración de invalidez.

2. Ditas cuestións suscítáronse no marco dos litixios entre o Inasti e, nun caso, o Sr. Hervein e a sociedade Hervilier SA (no sucesivo, «Hervillier») e, no outro, o Sr. Lorthiois e a sociedade Comtexbel SA (no sucesivo, «Comtexbel»), en relación coas cotizacións sociais que o Inasti reclama por ter exercido en Bélxica os Sres. Hervein e Lorthiois actividades de dirección de sociedades.

A normativa comunitaria

3. O Regulamento 1.408/71 contén un título II, que inclúe os artigos 13 a 17, relativo á determinación das lexislación aplicable ós traballadores por conta allea, ós traballadores por conta propia e ós membros da súa familia que se desprazan dentro da Comunidade.

4. En virtude do artigo 13, apartado 1, do Regulamento 1.408/71:

«Sen perxuício das disposicións do artigo 14 *quater*, as persoas ás cales sexa aplicable o presente Regulamento só estarán sometidas á lexislación dun único Estado membro. Esta lexislación será determinada dacordo coas disposicións do presente Título.»

5. O artigo 14 *quater* do Regulamento 1.408/71 fixou as normas particulares aplicables ás persoas que exercen simultaneamente unha actividade por conta allea no territorio dun Estado membro e unha actividade por conta propia no territorio de outro Estado membro. Na súa versión actualizada polo Regulamento 2.001/83, dispón:

«1. A persoa que exerza simultaneamente unha actividade por conta allea no territorio dun Estado membro e unha actividade por conta propia no territorio de outro Estado membro, estará sometida:

a) sen perxuício do disposto na letra b), á lexislación do Estado membro no territorio do cal exerza unha actividade por conta allea;

b) nos casos mencionados no Anexo VII, á lexislación de cada un destes Estados membros en canto se refire á actividade exercida no seu territorio.

2. As modalidades de aplicación da letra b) do apartado 1 serán fixadas nun regulamento que deberá de adopta-la Consello a proposta da Comisión.»

6. O artigo 14 *quinquies*, apartado 1, do Regulamento 1.408/71 precisa:

«A persoa á que se fai referencia[...] na letra a) do apartado 2 do artigo 14 *quater*, será considerada, a efectos da aplicación da lexislación determinada conforme a [esta disposición], como se exercera a totalidade das [súas] [...] actividades profesionais no territorio do Estado membro de que se trate.»

7. O anexo VII do Regulamento 1.408/71, ó cal remite o artigo 14 *quater*, apartado 1, letra b), e que enumera os casos nos que unha persoa está sometida simultaneamente á lexislación de dous Estados membros, refírese, no seu número 1, ó exercicio dunha actividade por conta propia en Bélxica e dunha actividade por conta allea noutro Estado membro, salvo Luxemburgo.

8. O Consello adoptou o Regulamento nº 3.811/86, por unha parte, para completalo artigo 14 *quater* do Regulamento 1.408/71 co obxecto de incluí-la hipótese do exercicio de máis de dúas actividades por conta allea e por conta propia no territorio de distintos Estados membros e, por outra, para determinar as modalidades de aplicación do apartado 1, letra b), de dito artigo, conforme ó seu apartado 2. Dito Regulamento entrou en vigor o 1 de xaneiro de 1987, dacordo co seu artigo 4.

9. O artigo 1, punto 1, do Regulamento nº 3.811/86 substituíu o texto do artigo 14 *quater* do Regulamento nº 1.408/71 polo seguinte:

«A persoa que exerza simultaneamente unha actividade por conta allea e unha actividade por conta propia no territorio de diferentes Estados membros estará sometida:

a) salvo o disposto na letra b) á lexislación do Estado membro no territorio do cal exerza unha actividade por conta allea ou, se exercera dita actividade no territorio de dous ou máis Estados membros, á lexislación determinada de conformidade cos puntos 2 ou 3 do artigo 14;

b) nos casos mencionados no Anexo VII:

- á lexislación do Estado membro no territorio do cal exerza unha actividade por conta propia e, determinándose esta lexislación de conformidade coas disposicións dos puntos 2, 3 ou 4 do artigo 14 *bis* se exercera

dita actividade no territorio de dous ou máis Estados membros.»

10. Por outra parte, o artigo 1, punto 2, do Regulamento nº 3.811/86 engadiu ó artigo 14 *quinquies* do Regulamento nº 1.408/71 o seguinte apartado:

«2. A persoa contemplada na letra b) do artigo 14 *quater* será tratada, a efectos de determina-lo tipo de cotización a cargo dos traballadores por conta [propia] en virtude da lexislación do Estado membro no territorio do cal exerza a súa actividade por conta propia, como se exercesera a súa actividade por conta allea no territorio de dito Estado membro.»

11. Por último, o artigo 2 do Regulamento nº 3.811/86 completou o Regulamento (CE) nº 574/72 do Consello, de 21 de marzo de 1972, polo que se establecen as modalidades de aplicación do Regulamento nº 1.408/71 (DO L 74, p. 1; EE 05/01, p. 156; no sucesivo, «Regulamento de aplicación»), establecendo varias disposicións co obxecto de facilita-la aplicación simultánea das dúas lexislacións aplicables ás persoas contempladas no artigo 14 *quater*, letra b), do Regulamento nº 1.408/71.

Os litixios nos procedementos principais e as cuestións prexudiciais

Asunto C-393/99

12. Ata o 6 de outubro de 1986, o Sr. Hervein, de nacionalidade francesa e residente en Francia, exerceu simultaneamente os cargos de presidente-director xeral, e conselleiro ou conselleiro delegado en sociedades establecidas ó mesmo tempo en Francia e en Bélxica, en particular en Hervillier.

13. En Francia, onde os directivos de sociedades están equiparados ós traballadores por conta allea a efectos da cobertura de seguridade social, o Sr. Hervein estivo afiliado e cotizou ó réxime de seguridade social dos traballadores por conta allea.

14. O Inasti demandou ó Sr. Hervein e a Hervillier perante o Tribunal du travail de Tournai co obxecto de que se lle aboasen as cotizacións pola actividade do Sr. Hervein en Bélxica entre o 1 de xullo de 1982 e o 31 de decembro de 1986. O Inasti xustifica a suxeición do Sr. Hervein ó réxime de seguridade social dos traballadores por conta propia en Bélxica polo feito de que exerceu en dito país unha actividade por conta propia segundo a

lexislación belga, aínda cando en Francia estaba suxeito ó réxime de seguridade social dos traballadores por conta allea. Pois ben, dacordo co artigo 14 *quater*, apartado 1, letra b), do Regulamento nº 1.408/71, en relación con anexo VII de dito Regulamento, unha persoa que exerce unha actividade por conta propia en Bélxica e unha actividade por conta allea en Francia debe de estar suxeita á lexislación de cada un de ditos Estados.

15. O Sr. Hervein e Hervillier negaron que o Sr. Hervein estivese suxeito ó réxime belga alegando que, aínda que o Sr. Hervein estaba equiparado en Francia a un traballador por conta allea a efectos da súa cobertura social, non exercía en ningún caso unha por conta allea.

16. Dado que o Tribunal du travail de Tournai albergaba dúbidas sobre a natureza da actividade exercida en Francia polo Sr. Hervein, decidiu suspende-lo procedemento, mediante resolución de 6 de xuño de 1995, e presentar ó Tribunal de Xustiza unha cuestión prexudicial ó respecto. Mediante sentenza de 30 de xaneiro de 1997, Hervein e Hervillier (C-221/95, Rec. p. I-609), o Tribunal de Xustiza respostou:

«A efectos da aplicación dos artigos 14 *bis* e 14 *quater* do Regulamento nº 1.408/71 [...] debe de entenderse por actividade por conta allea e actividade por conta propia as actividades que están consideradas como tales a efectos da aplicación da lexislación en materia de seguridade social do Estado membro no territorio do cal se exercen ditas actividades.»

17. Tras dita sentenza, continuouse o procedemento perante o Tribunal du travail de Tournai. O Sr. Hervein e Hervillier referíronse ás conclusións do Avogado Xeral Sr. Ruiz-Jarabo Colomer en asunto Hervein e Hervillier, antes citado, nas que consideraba inválido o artigo 14 *quater*, apartado 1, letra b) e o anexo VII do Regulamento nº 1.408/71, e solicitaron ó Tribunal du travail de Tournai que presentara ó Tribunal de Xustiza unha nova cuestión prexudicial sobre a validez de ditas disposicións. O Inasti, en cambio, opúxose á presentación da cuestión, alegando que a sentenza Hervein e Hervillier, antes citada, tiña forza de cousa xulgada. Ademais, baseándose na resposta dada polo Tribunal de Xustiza, alegou que o Sr. Hervein tiña a obriga de aboa-las cotizacións

axeitadas ó réxime de seguridade social belga dos traballadores por conta propia.

18. O Tribunal du travail de Tournai considera que, conforme á interpretación dada polo Tribunal de Xustiza na súa sentenza Hervein e Hervillier, antes citada, debe de estimarse que o Sr. Hervein exerce unha actividade por conta allea en Francia e unha actividade por conta propia en Bélxica. Por conseguinte, tamén debería de estar suxeito á lexislación de seguridade social belga en virtude do artigo 14 *quater*, apartado 1, letra b) do Regulamento n° 1.408/71, en relación co anexo VII de dito Regulamento. Sen embargo, dubida da compatibilidade destas disposicións cos artigos 48 e 52 do Tratado CE (actualmente artigos 39 CE e 43 CE, trala súa modificación).

19. En ditas circunstancias, o Tribunal du travail de Tournai decidiu suspende-lo procedemento e presentar ó Tribunal de Xustiza as seguintes cuestións prexudiciais:

«1) O artigo 14 *quater*, apartado 1, letra b) [actualmente artigo 14 *quater*, letra b)] e do anexo VII do Regulamento (CEE) n° 1.408/71, relativo á aplicación dos réximes de seguridade social ós traballadores por conta allea, ós traballadores por conta propia e ós membros das súas familias que se desprazan dentro da Comunidade, na súa versión modificada e actualizada polo Regulamento (CEE) n° 2.001/83 do Consello, de 2 de xuño de 1983, e o anexo VII do citado Regulamento n° 1.408/71, ¿deben ou non declararse inválidos dacordo cos artigos 48 e 52 do Tratado, na medida en que establecen que a persoa que exerce unha actividade por conta allea non territorio dun Estado membro e unha actividade por conta propia no territorio doutro Estado membro está sometida á lexislación de cada un destes Estados?

2) ¿Pode invocarse ou non dita invalidez para impugna-la afiliación e as cotas adebedadas dacordo coa disposición declarada inválida, correspondentes a períodos anteriores á data da sentenza que declare a invalidez, coa salvedade, se a resposta fose negativa, do caso dos traballadores ou dos seus dereitohabentes que, antes de tal data, teñan interposto un recurso xudicial ou formulado unha reclamación dacordo co Dereito nacional aplicable?»

Asunto C-394/99

20. O Sr. Lorthiois, residente en Francia, é conselleiro, presidente do consello de

administración e presidente executivo dunha sociedade establecida en Francia. Está afiliado e cotiza en dito concepto ó réxime de seguridade social francés dos traballadores por conta allea. Paralelamente, o Sr. Lorthiois exerce funcións de presidente do consello de administración de Comtexbel, sociedade domiciliada en Bélxica.

21. Polas mesmas razóns expostas respecto ó Sr. Hervein, o Inasti demandou ó Sr. Lorthiois e a Comtexbel perante o Tribunal du travail de Tournai co obxecto de que se lle aboasen as cotizacións sociais pola actividade do Sr. Hervein en Bélxica durante o período comprendido entre o 1 de xaneiro de 1987 e o 31 de decembro de 1988.

22. Por motivos análogos ós achegados no litixio que afecta ó Sr. Hervein e a Hervillier, o Tribunal du travail de Tournai decidiu suspende-lo procedemento e presentar ó Tribunal de Xustiza as mesmas cuestións que en dito litixio.

23. Mediante auto do Presidente do Tribunal de Xustiza de 22 de novembro de 1999 acumuláronse os asuntos C-393/99 e C-394/99 a efectos das fases escrita e oral e da sentenza.

Observacións previas

24. No asunto C-393/99, a primeira cuestión refírese á validez do artigo 14 *quater*, apartado 1, letra b), do Regulamento n° 1.408/71, na súa redacción vixente ata o 31 de decembro de 1986. A partires do 1 de xaneiro de 1987, como se ten lembrado nos apartados 8 e 9 da presente sentenza, dita disposición foi modificada e é actualmente o artigo 14 *quater*, letra b). Habida conta do período respecto do cal o Inasti reclama as cotizacións ó Sr. Lorthiois e a Comtexbel, debe de entenderse que a primeira cuestión no asunto C-394/99 se refire ó artigo 14 *quater*, letra b), na súa redacción vixente a partires do 1 de xaneiro de 1987.

25. Sen embargo, vístas as cuestións presentadas polo Tribunal du travail de Tournai nos dous asuntos, a esencia da norma controvertida é a mesma nas súas dúas versións sucesivas e, por razóns prácticas, a presente sentenza referirase no sucesivo ó «artigo 14 *quater*, letra b)», expresión que servirá para as dúas versións controvertidas. O mesmo se fará respecto do artigo 14 *quater*, apartado 1, letra a) [actualmente artigo 14 *quater*, letra a)].

Sobre a admisibilidade das cuestións prexudiciais

26. O Inasti, o Goberno belga e o Consello opóñense a que se admitan as cuestións prexudiciais. Alegan, substancialmente, que na sentenza Hervein e Hervillier, antes citada, e na sentenza de 30 de xaneiro de 1997, De Jaeck (C-340/94, Rec. p. I-461), o Tribunal de Xustiza interpretou o artigo 14 *quater*, letra b), e o anexo VII do Regulamento nº 1.408/71 sen declaralos inválidos, a pesares de que o Avogado Xeral llo propuxo e era posible facelo de oficio. O Tribunal de Xustiza admitiu, por tanto, a validez de ditas disposicións e, ó non terse producido ningún feito novo dende entón, as cuestións do Tribunal du travail de Tournai equivalentes a cuestiona-la forza de cousa xulgada da sentenza.

27. Deben de desestimarse ditas alegacións. Non se pode considerar que o Tribunal de Xustiza se teña pronunciado definitivamente sobre unha cuestión controvertida polo feito de terse absterido de examinar unha cuestión xurídica sobre a que non foi preguntado e que, ademais, non foi presentada polas partes nin por quen presentara observacións nun asunto prexudicial. Por outra parte, nada impide que o Tribunal de Xustiza se pronuncie, a iniciativa dun órgano xurisdiccional nacional e no marco da cooperación que o Tribunal de Xustiza mantén con dito órgano xurisdiccional en virtude do artigo 234 CE, sobre a validez dun acto, adoptado polas institucións da Comunidade, que xa tivera a ocasión de interpretar.

28. Polo tanto, hase de declara-la admisibilidade das cuestións prexudiciais presentadas polo Tribunal du travail de Tournai.

Sobre a primeira cuestión

Observacións presentadas perante o Tribunal de Xustiza

29. O Inasti e o Goberno belga destacan en particular que a aplicación do artigo 14 *quater*, letra b) do Regulamento nº 1.408/71 implica que se trate da mesma maneira a tódolos traballadores que exercen unha actividade por conta propia en Bélxica, aínda que tamén exerzan unha actividade por conta allea en Bélxica ou noutro Estado membro. Todos estarán afiliados en idénticas condicións ós seguros sociais dos traballadores por conta propia en Bélxica. Por tanto, respéctanse os principios que o Tribunal de Xustiza aplicou nas

sentencias de 7 de xullo de 1988, Stanton (143/87, Rec. p. 3.877) e Wolf e outros (asuntos acumulados 154/87 e 155/87, Rec. p. 3.897), segundo os cales unha persoa que traballa por conta propia nun Estado membro debe de recibilo mesmo trato cando exerce tamén unha actividade por conta allea, xa exerza esta última no mesmo Estado ou noutro Estado membro. Ditas sentencias recoñeceron unha prohibición de discriminación, pero non prohibiron en ningún caso a suxeición paralela a dous réximes de seguridade social. Ademais, a situación que se desprende do artigo 14 *quater*, letra b), é distinta da que deu lugar á sentenza de 15 de febreiro de 1996, Kemmler (C-53/95, Rec. p. I-703), na que o Tribunal de Xustiza declarou que un Estado membro non podía obrigar a cotizar ó réxime de seguridade social dos traballadores autónomos ás persoas que exercen xa unha actividade por conta propia noutro Estado membro, no que están domiciliadas e afiliadas ó réxime de seguridade social, cando dita obriga non supón ningunha protección social adicional para as referidas persoas, situación que afectaba a un traballador que exercía unha actividade por conta propia en dous Estados membros e non unha actividade por conta propia nun e unha actividade por conta allea no outro.

30. Por outra parte, o Inasti, o Goberno belga e o Consello sosteñen que aplica-la lexislación de seguridade social doutro Estado membro a unha actividade por conta propia exercida en Bélxica conduce de feito a unha harmonización das lexislacións de seguridade social, mentres que o Tratado só prevé unha coordinación.

31. Por último, o Inasti expón que a adopción do artigo 14 *quater*, letra b), non supón cambio algún para os traballadores que exercen simultaneamente unha actividade por conta allea en Francia e unha actividade por conta propia en Bélxica en relación coa situación anterior que se derivaba do Convenio xeral de seguridade social [32.723m entre Bélxica e Francia, asinado o 17 de xaneiro de 1948, aprobado mediante a Lei belga de 2 de xuño de 1949 e completado polos acordos administrativos de 23 de decembro de 1953 e de 25 e 26 de xaneiro de 1956 (no sucesivo, «Convenio xeral de seguridade social entre Bélxica e Francia de 17 de xaneiro de 1948»), dacordo co cal as persoas en dita situación xa estaban afiliadas ós dous réximes.

32. A Comisión destaca que o Regulamento nº 1.408/71 non pretende nin modificar

a estrutura ou o contido das lexislacións nacionais de seguridade social nin harmonizar ditas lexislacións, senón soamente coordinalas. Así, é equivocado critica-lo feito de que no artigo 14 *quater*, letra b) e o anexo VII do Regulamento nº 1.408/71 soamente afecten a determinados Estados membros. En efecto, dita situación, que non constitúe unha discriminación por razón da nacionalidade, é consecuencia dos propios límites do Regulamento nº 1.408/71.

33. O artigo 14 *quater*, letra b) foi adoptado, segundo a Comisión, para respostar á preocupación de diversos Estados membros perante a práctica de determinadas persoas de reparti-la súa actividade profesional entre distintos Estados membros para evita-lo abono das cotizacións da seguridade social correspondentes a unha parte de dita actividade.

34. Dita disposición, aínda que constitúe unha excepción á regra xeral, establecida no artigo 13, apartado 1 do Regulamento nº 1.408/71, de unicidade da lexislación aplicable, non constitúe en si mesma un obstáculo á libre circulación de traballadores e ó dereito de establecemento na medida en que non desemboca nunha dobre cotización por unha mesma actividade, senón que prevé cotizacións paralelas para as persoas que exercen simultaneamente dúas actividades distintas das que obteñen dous ingresos distintos. A Comisión sinala que o Tribunal de Xustiza tamén declarou, na súa sentencias de 13 de xullo de 1976, Triches (19/76, Rec. p. 1243), que o artigo 51 do Tratado CE (actualmente artigo 42 CE, trala súa modificación), reconece ó Consello a liberdade de elixir calquera modalidade obxectivamente xustificada, aínda cando as disposicións adoptadas non eliminan todo risco de desigualdade entre traballadores debido ás disparidades dos réximes nacionais de que se trate.

35. Ademais, o Regulamento nº 3.811/86 engadiu ó artigo 14 *quinquies* do Regulamento nº 1.408/71 un novo apartado 2 precisamente para evitar unha carga de cotización anormalmente pesada ás persoas de que se trata. Efectivamente, como se desprende da exposición de motivos da proposta de Regulamento do Consello que desembocou na adopción do Regulamento nº 3.811/86, o artigo 14 *quinquies* se modificou «coa fin de preservar, en interese do traballador, no plano das cotizacións e segundo determinadas lexislacións nacionais, os efectos vinculados ó exercicio continuo de actividades por conta allea e acti-

vidades por conta propia (redución do coeficiente, dispensa de cotizacións, coeficiente íntegro pero calculado sobre outra base...». Por tanto, nos casos de aplicación do artigo 14 *quater*, letra b), corresponde ós Estados membros velar por que a cotización reclamada en paralelo á cotización xa aboada noutro Estado membro polo traballador sexa obxectivamente xustificada, proporcional á súa actividade e que outorgue ó traballador unha vantaxe adicional de seguridade social. Se, a pesares do artigo 14 *quinquies*, na súa versión modificada polo Regulamento nº 3.811/86, a aplicación do Regulamento nº 1.408/71 desemboca, nun caso concreto, na imposición dunha carga suplementaria sen xustificación obxectiva e desproporcionada para un traballador, esta situación podería constituír un obstáculo ó dereito de establecemento. Sen embargo, dito obstáculo sería o resultado da lexislación nacional controvertida e non do artigo 14 *quater*, letra b).

36. Con carácter subsidiario, para o caso de que o Tribunal de Xustiza considere que o artigo 14 *quater*, letra b), constitúe un obstáculo ó libre circulación de persoas, a Comisión estima que dita disposición pode estar xustificada en relación cos artigos 48 e 52 do Tratado. A este respecto, tomando como base as sentencias de 25 de xaneiro de 1977, Bauhuis (46/76, Rec. p. 5) e de 20 de xuño de 1991, Denkavit (C-39/90, Rec. p. I-3.069), a Comisión considera que o Consello ten dereito, ó igual que os Estados membros, a invocar xustificacións ós obstáculos ás liberdades fundamentais.

37. A Comisión engade que, na sentenza Kemmler, antes citada, o Tribunal de Xustiza non só admitiu que unha normativa nacional que desemboque na suxeición dun traballador por conta propia á lexislación de seguridade social de dous Estados membros pode xustificarse pola concesión dunha protección social complementaria, senón que considerou, máis amplamente, que unha normativa dese tipo é compatible co artigo 52 do Tratado se ten unha «xustificación axeitada». Pois ben, no asunto principal, os motivos da inserción do artigo 14 *quater*, letra b) e do anexo VII no Regulamento nº 1.408/71 constitúen unha xustificación axeitada en relación cos artigos 48 e 52 do Tratado.

38. O Sr. Hervein e Hervillier, así como o Sr. Lorthois e Comtexbel (denominados conxuntamente no sucesivo «Sr. Hervein e outros») lembran en primeiro lugar que, ata 1982, quen

se atopaba na súa situación estaba suxeito ó Convenio xeral de seguridade social entre Bélxica e Francia de 17 de xaneiro de 1948. Pois ben, a acta das reunións mantidas polas partes contratantes o 25 e 26 de xaneiro de 1956 precisa o seguinte: «Sen embargo, se unha persoa está considerada en Francia traballador por conta allea e en Bélxica traballador por conta propia pero, en virtude da lexislación belga, as dúas actividades exercidas por dita persoa constitúen unha única profesión, só se aplicará a lexislación francesa. Este será o caso, en particular, dos directivos de sociedades en Francia que sexan ó mesmo tempo conselleiros en filiais belgas da mesma sociedade». Baseándose en ditos textos, o Tribunal du travail de Tournai condenou, mediante sentenza de 3 de febreiro de 1987, ó Inasti a devolver ó Sr. Hervein e a Hervillier las cotizacións indebidamente aboadas en concepto de traballador por conta propia entre 1974 e 1982, aumentadas cos xuros legais. Sen embargo, o artigo 14 quater, letra b) do Regulamento nº 1.408/71, que substituíu a dito Convenio bilateral, obriga dende entón ó Sr. Hervein a cotizar ó mesmo tempo en Francia e en Bélxica.

39. Segundo o Sr. Hervein e outros, apoiados polo Goberno helénico, tal situación é inxusta e vulnera os artigos 48 e 52 do Tratado. Consideran que nas sentencias Stanton, Wolf e outros e Kemmler, antes citadas, o Tribunal de Xustiza declarou que os artigos 48 e 52 do Tratado de opoñen a que unha normativa dun Estado membro obrigue ás persoas que xa exercen unha actividade por conta allea ou por conta propia noutro Estado membro, no que teñen o seu domicilio e están afiliadas a un réxime de seguridade social nacional, a cotizar a un réxime de traballadores por conta propia porque ese tipo de normativa ten por efecto desfavorece-lo exercicio de actividades profesionais en máis dun Estado membro. Pois ben, os artigos 48 e 52 opoñense *a fortiori* a que un Regulamento do Consello produza ese mesmo efecto. Se ben é certo que nas tres sentencias antes citadas o Tribunal de Xustiza admitiu a posibilidade de que un obsáculo ó exercicio de actividades profesionais fora do territorio dun só Estado membro poida estar xustificado no caso de que a normativa nacional ofrezca algún tipo de protección social complementaria. Sen embargo, no exercicio da súa competencia lexislativa, o Consello non ten dereito a facer uso de tal xustificación.

40. Ademais, o Sr. Hervein e outros negan que, como afirma o Consello, as dispo-

sicións controvertidas sexan necesarias para evitar que as persoas que exercen simultaneamente unha actividade por conta allea nun Estado membro e unha actividade por conta propia noutro Estado membro paguen cotizacións inferiores en comparación coas persoas que exercen esas dúas actividades nun só Estado membro. Precisamente para evitar este resultado, o artigo 14 *quinquies*, apartado 1, do Regulamento nº 1.408/71 dispón que a persoa que exerce simultaneamente unha actividade por conta allea nun Estado membro e unha actividade por conta propia noutro Estado membro e que está suxeita á lexislación do primeiro Estado, dacordo co artigo 14 *quater*, letra a) do Regulamento nº 1.408/71, será tratada coma se exercese tódalas súas actividades profesionais en dito Estado. Por outra parte, dado que as cotizacións se calculan de maneira moi distinta en cada Estado membro, é inexacto afirmar que a afiliación nun só Estado membro ten por efecto en tódolos casos que as cotizacións aboadas sexan inferiores. O argumento do Consello é, a xuízo do Sr. Hervein e outros, aínda menos convincente dende a adopción do Regulamento nº 3.811/86. En efecto, por unha parte, na versión de dito Regulamento, o artigo 14 *quater*, letra b) non precisa xa que a persoa que exerce simultaneamente unha actividade por conta allea no territorio dun Estado membro e unha actividade por conta propia no territorio doutro Estado membro está suxeita á lexislación de cada un de ditos Estados unicamente en canto se refire á actividade exercida sobre o seu territorio. Por outra parte, o artigo 14 *quinquies*, apartado 2, do Regulamento nº 1.408/71, na versión do Regulamento nº 3.811/86, pode ter por efecto tanto reducir coma aumenta-lo tipo de cotización.

41. Por último, o Sr. Hervein e outros destacan que o anexo VII se refire soamente a determinados Estados membros. Por tanto, aínda cando as disposicións controvertidas poidan, en determinados casos, ter por consecuencia que o interesado se beneficie dunha protección adicional, o seu efecto é acentuar as disparidades que se derivan xa das lexislacións nacionais e crear unha desigualdade de trato entre os nacionais dos Estados membros segundo o lugar no que exercen as súas actividades.

Apreciación do Tribunal de Xustiza

42. A validez do artigo 14 *quater*, letra b) e do anexo VII do Regulamento nº 1.408/71 debe de analizarse á luz dos artigos 48 e 51 do

Tratado, relativos á libre circulación dos traballadores por conta allea, así coma do artigo 52 do Tratado, relativo á liberdade de establecemento no que afecta á libre circulación dos traballadores por conta propia.

43. A regra establecida no artigo 14 *quater*, letra b), do cal o ámbito de aplicación persoal está determinado no anexo VII do Regulamento nº 1.408/71, pode afectar efectivamente tanto ás persoas que teñen unha actividade por conta allea nun Estado membro e que fan uso do seu dereito á libre circulación, ou desexan facelo, para exercer unha actividade por conta allea noutro Estado membro, como ás persoas que teñen unha actividade por conta allea nun Estado membro e fan uso do seu dereito á liberdade de establecemento, ou desexan facelo, para exercer unha actividade por conta propia noutro Estado membro.

44. O artigo 48 do Tratado establece en particular a abolición de toda discriminación por razón da nacionalidade entre os traballadores dos Estado membros, con respecto ó emprego, a retribución e as demais condicións de traballo. Establece en particular o dereito de residir nun dos Estados membros con obxecto de exercer nel un emprego, de conformidade coas disposicións legais, regulamentarias e administrativas aplicables ó emprego dos traballadores nacionais, sen perjuicio das limitacións xustificadas por razóns de orde pública, seguridade e saúde pública.

45. O artigo 51 do Tratado dispón que o Consello, por unanimidade e a proposta da Comisión, adoptará, en materia de seguridade social, as medidas necesarias para o establecemento da libre circulación dos traballadores, creando, en especial, un sistema que permita garantir ós traballadores emigrantes e ós seus dereitohabentes, por unha parte, a acumulación de tódolos períodos tomados en consideración polas distintas lexislacións nacionais para adquirir e conserva-lo dereito ás prestacións sociais, así como para o cálculo destas, e, por outra, o pago das prestacións ás persoas que residan nos territorios dos Estados membros.

46. O artigo 52 do Tratado prevé que a liberdade de establecemento comprende o acceso ás actividades non asalariadas e o seu exercicio, así como a constitución e xestión de empresas nas condicións fixadas pola lexislación do país de establecemento para os seus propios nacionais.

47. As disposicións do Tratado relativas á libre circulación de persoas teñen por obxecto facilitar ós nacionais dos Estados membros o exercicio de calquera tipo de actividade profesional en rodo o territorio comunitario, opoñéndose a calquera normativa nacional que puidera situar a estes nacionais nunha situación desfavorable no suposto de que pretenderan prolonga-las súas actividades fora do territorio dun só Estado membro (sentencia Stanton, antes citada, apartado 13).

48. Os artigos 48 e 52 do Tratado opóñense pois á normativa dun Estado membro que recoñeza a exención do pago dunha cotización ó réxime de traballadores autónomos para todo particular que desempeñe con carácter secundario unha actividade por conta propia nese Estado membro cando exerce con carácter principal unha actividade por conta allea en dito Estado membro (sentencia Stanton, antes citada, apartado 14). Tal normativa ten o efecto de desfavorece-lo exercicio de actividades profesionais en máis dun Estado membro xa que supón unha desvantaxe para os traballadores que optan por esta posibilidade en relación con aqueles que exercen tódalas súas actividades no Estado membro en que se teña adoptado dita normativa.

49. Así mesmo, ó non existir unha xustificación axeitada, como o ofrecer unha protección social complementaria ós interesados, o artigo 52 do Tratado oponse á normativa dun Estado membro que obrigue a cotizar ó réxime de traballadores autónomos ás persoas que exerzan xa unha actividade por conta propia noutro Estado membro, onde estean domiciliadas e afiliadas a un réxime de seguridade social (sentencia Kemmler, antes citada, apartados 12 e 13). Tal normativa ten o efecto de desfavorecer efectivamente o exercicio da actividade profesional nun segundo Estado membro, xa que as cotizacións sociais que implica abóanse a fondo perdido para os interesados.

50. Sen embargo, o Tratado non prevé a harmonización das lexislacións de seguridade social dos Estados membros. En particular, respecto ós traballadores por conta allea, o artigo 51 do Tratado prevé soamente unha coordinación das lexislacións. As diferencias de fondo e de procedemento entre os réximes de seguridade social de cada Estado membro e, por conseguinte, entre os dereitos das persoas que neles traballan non se ven afectadas, polo tanto, por dita disposición (véxanse, en particular, as sentencias de 15 de

xaneiro de 1986, Pinna, 41/84, Rec. p. 1, apartado 20; De Jaeck, antes citada, apartado 18, e Hervein e Hervillier, antes citada, apartado 16).

51. Polo tanto, o tratado non garante a un traballador que a extensión das súas actividades a máis dun Estado membro ou o seu traslado a outro Estado membro sexan neutros en materia de seguridade social. Habida conta das disparidades das lexislacións de seguridade social dos Estados membros, tal extensión ou tal traslado poden, segundo os casos, ser máis ou menos vantaxosos ou desvantaxosos para o traballador no plano da protección social. Do anterior dérivase que, en principio, unha desvantaxe eventual, en relación coa situación na que o traballador exerce tódalas súas actividades nun mesmo Estado membro, consecuencia da extensión das súas actividades ou do seu traslado a un ou varios Estados membros distintos e da súa suxeición a unha nova lexislación de seguridade social, non é contraria ás disposicións dos artigos 48 e 52 do Tratado se dita lexislación non desfavorece a dito traballador en relación con quen exercen tódalas súas actividades no Estado membro no que se aplica ou en relación con que xa estaban suxeitos a ela anteriormente e se non significa pura e simplemente un abono de cotizacións sociais a fondo perdido.

52. Así, o sistema elaborado polo Regulamento nº 1.408/71 constitúe unicamente un sistema de coordinación, que, no seu título II, determina cal ou cales serán as lexislacións aplicables ós traballadores por conta allea e por conta propia que exercitan, en distintas circunstancias, o seu dereito á libre circulación. É inherente a tal sistema que o nivel das cotizacións sociais adebedadas polo exercicio dunha actividade difira segundo o Estado membro no que se exerce total ou parcialmente dita actividade ou segundo a lexislación da seguridade social á que estea suxeita dita actividade (véxase, neste senso, a sentenza de 8 de marzo de 2001, Comisión/Alemania, C-68/99, Rec. p. I-1.865, apartado 29).

53. Ademais, cando determina simplemente cal ou cales son as lexislacións aplicables a distintas situacións, como fai no título II do Regulamento nº 1.408/71, o lexislador comunitario non pode defini-lo contido das lexislacións nacionais de seguridade social, sendo a súa conformidade cos artigos 48 e 52 do Tratado responsabilidade das autoridades nacionais.

54. Habida conta das consideracións que preceden, a conformidade das disposicións do artigo 14 *quater*, letra b), coas esixencias dos artigos 48, 51 e 52 do Tratado non pode vincularse ás diferenzas observadas, en materia de cotizacións ou de prestacións de seguridade social, entre as situacións nas que un traballador exerce simultaneamente unha actividade por conta allea e unha actividade por conta propia nun so Estado membro e aquelas nas que un traballador exerce ditas actividades en distintos Estados membros. Por conseguinte, é preciso apreciar se, en si mesma, a regra, establecida polo lexislador comunitario, segundo a cal, en determinadas situacións particulares e contrariamente ó principio xeral establecido polo Regulamento nº 1.408/71, unha persoa que exerce a súa actividade profesional en máis dun Estado membro está suxeita simultaneamente ás lexislacións de dous Estados membros e non á lexislación de un so, prexudica ó exercicio de actividades profesionais en máis dun Estado membro, na medida en que a dobre suxeición ás lexislacións de distintos Estados membros é necesariamente máis complexa para os interesados que a suxeición á soa lexislación dun único Estado membro.

55. A este respecto, ás veces é indubidablemente máis simple estar suxeito á lexislación dun so Estado membro. Este é o caso se unha persoa que exerce varias actividades da mesma natureza nun so Estado está suxeita a un único réxime de seguridade social no caso de exercer ditas actividades en varios Estados membros fai polo tanto máis complexo dito exercicio en relación co seu exercicio nun so Estado membro. Pero non sempre é este o caso. A acumulación de actividades por conta allea (ou por conta propia) en distintos ramos profesionais, incluso se se exercen nun so Estado membro, pode tamén conducir a que se estea suxeito a varios réximes de seguridade social.

56. Ademais, cando as actividades por conta allea e por conta propia se exercen simultaneamente nun so Estado membro, é bastante frecuente que a afiliación a máis dun réxime de seguridade social sexa obrigatoria. En semellante caso, o feito de que o exercicio de actividades de natureza distinta en dous ou máis Estados membros dea lugar á aplicación das lexislacións de seguridade social de dous Estados membros non complica necesariamente as cousas, e mesmo pode simplificalas na medida en que a aplicación da lexislación de

seguridade social do Estado membro no que a actividade se exerce pode, habida conta do seu axeitamento ás condicións de exercicio de dita actividade en dito Estado, ser máis simple que a aplicación a dita actividade dunha lexislación de seguridade social de outro Estado membro.

57. Así pois, a situación é variable segundo o caso que se presente, se ben, cando un dos Estados membros afectados dispón dunha lexislación de seguridade social universal ou cando unha actividade de igual natureza é cualificada de forma distinta en ditos Estado membros, como ocorre no caso das actividades dos Sres. Hervein e Lorthiois, a aplicación simultánea de lexislacións de dous Estados membros pode ser máis complexa para o interesado que aplicación da lexislación dun só Estado membro.

58. Sen embargo, ó igual que os artigos 48 e 52 do Tratado non implican que o exercicio do dereito á libre circulación de persoas que efectúan unha actividade profesional nunca signifique unha variación dos niveis de cotizacións sociais que poden serlle reclamadas ou da protección social que se lles asegura, ditos artigos tampouco implican que, a falla de harmonización das lexislacións de seguridade social, se asegure en tódalas circunstancias unha neutralidade polo que se refire ó grao de complexidade, para os interesados, de xestión da súa cobertura social.

59. Polo tanto, a iniciativa de varios Estados membros e para ter en conta as particularidades da organización da seguridade social en ditos Estados, o Consello tiña a facultade de prever, no artigo 14 *quater* do Regulamento nº 1.408/71, que un traballador que exerce unha actividade por conta allea en determinados Estados membros e unha actividade por conta propia noutros Estados membros determinados está suxeito simultaneamente ás lexislacións de dous Estados membros distintos, unha en razón da súa actividade por conta allea, a outra en razón da súa actividade por conta propia, mentres que, se ditas actividades se exerceran simultaneamente noutros Estados membros, so estarían suxeitas a unha lexislación determinada en función da súa actividade por conta allea. Deste xeito, o Consello cumpriu a súa misión de coordinación da aplicación das lexislacións de seguridade social para os traballadores emigrantes ó determinar cal ou cales son as lexislacións aplicables ós interesados.

60. É preciso engadir que, paralelamente, o Consello adoptou disposicións para garantir, na medida do posible nun sistema de mera coordinación, a igualdade de trato entre traballadores emigrantes. Así, as disposicións do artigo 14 *quinquies*, apartado 1, do Regulamento nº 1.408/71, a tenor das cales o traballador que exerza simultaneamente unha actividade por conta allea e unha actividade por conta propia no territorio de distintos Estados membros, suxeito a unha soa lexislación de seguridade social en virtude do artigo 14 *quater*, letra a) do Regulamento 1.408/71, considérase, para a aplicación do dita lexislación, que exerce tódalas súas actividades profesionais no territorio do Estado membro de que se trate, teñen por obxecto evitar que, contrariamente ó traballador suxeito no mesmo caso a dúas lexislacións en virtude do artigo 14 *quater*, letra b), parte da actividade de dito traballador escape a toda lexislación de seguridade social.

61. O Consello perseguíu o mesmo obxectivo ó adopta-lo Regulamento nº 3.811/86, aplicable a partires do 1 de xaneiro de 1987. Por unha parte, ó engadir dito Regulamento un novo apartado 2 ó artigo 14 *quinquies*, que dispón que a persoa contemplada na letra b) do artigo 14 *quater* será tratada, a efectos de determina-lo tipo de cotización a cargo dos traballadores por conta propia en virtude da lexislación do Estado membro no territorio do cal exerza a súa actividade por conta propia, como se exercera a súa actividade por conta allea no territorio de dito Estado membro, o Consello lembrou ós Estados membros a súa obriga de tratar sen discriminación ós traballadores suxeitos ás disposicións do artigo 14 *quater*, letra b), en relación cos traballadores que exercen tódalas súas actividades nun so Estado membro. Por outra parte, ó establecer varias disposicións, enumeradas no artigo 2 do Regulamento nº 3.811/86, co obxecto de facilita-la acumulación das prestacións concedidas en virtude das dúas lexislacións aplicables, o Consello lembrou ós Estados membros a súa obriga de asegurar que non se aboe a fondo perdido ningunha cotización de seguridade social reclamada.

62. En ditas circunstancias, o artigo 14 *quater*, letra b) non é incompatible cos artigos 48, 51 e 52 do Tratado.

63. Non obstante, nas situacións suxeitas a dito artigo 14 *quater*, letra b), os Estados membros dos cales as súas lexislacións se aplican simultaneamente deben velar por que se

respeten as esixencias que se derivan dos artigos 48, 51 e 52 do Tratado.

64. Así, nunha situación como a do Sr. Lorthiois na que, habida conta do nivel da súa actividade en Bélxica, as cotizacións que se lle reclaman non supoñen ningunha protección social complementaria, o artigo 52 do Tratado opónse directamente a que tales cotizacións lle sexan reclamadas (véxase a sentenza Kemmler, antes citada, apartados 12 e 13; véxase así mesmo neste senso, a sentenza de 3 de febreiro de 1982, Seco e Desquenue & Giral, asuntos acumulados 62/81 e 63/81, Rec. p. 223, apartado 10).

65. En cambio, cando as cotizacións reclamadas en virtude das dúas lexislacións simultaneamente aplicables dacordo co artigo 14 *quater*, letra b) supoñen por unha e outra parte unha protección social, os artigos 48, 51 e 52 do Tratado non se opoñen, en principio, a que se perciban tales cotizacións e a concesión de distintas prestacións polas dúas lexislacións debe de efectuarse tendo en conta as disposicións de coordinación pertinentes que figuran no Regulamento nº 1.408/71 e no Regulamento de aplicación, en particular aquelas engadidas polo artigo 2 do Regulamento nº 3.811/86, que teñen por obxecto regular os casos de acumulación de prestacións en virtude de dúas lexislacións aplicables e facilitar dita acumulación cando o tipo de prestación de que se trate o permita.

66. Sen embargo, hase de destacar, como xa declarou o Tribunal de Xustiza na sentenza de 7 de febreiro de 1991, Rönfeldt (C-227/89, Rec. p. I-323), que os artigos 48 e 51 do Tratado opoñense a que a aplicación do Regulamento nº 1.408/71 comporte a perda das vantaxes de seguridade social resultantes dos Convenios de seguridade social vixentes entre dous ou máis Estados membros e que estean integrados no seu Dereito nacional. En ditos casos non han de aplicarse as disposicións do Regulamento nº 1.408/71. Idéntica solución debería darse en virtude do artigo 52 do Tratado nun caso coma o do Sr. Hervein se se demostrase que, antes da entrada en vigor do artigo 14 *quater*, letra b), o Convenio xeral de seguridade social entre Bélxica e Francia de 17 de xaneiro de 1948 exoneraba ós directivos de sociedades que exercen a súa actividade simultaneamente en Francia e en Bélxica do pago das cotizacións de seguridade social previstas polo réxime belga dos traballadores por conta propia e que o Sr. Hervein estaba, en virtude de dito Convenio, inicial-

mente exonerado das cotizacións en Bélxica. Non se lle debería aplicar-lo disposto no artigo 14 *quater*, letra b), para impoñerlle o pago de cotizacións ó réxime belga dos traballadores por conta propia.

67. Por conseguinte, procede responder ó órgano xurisdiccional remitente que o exame da cuestión presentada non revelou ningún elemento que puidera afecta-la validez do artigo 14 *quater*, letra b) e do anexo VII do Regulamento nº 1.408/71. Non obstante, corresponde, no seu caso, ó xuíz nacional que coñece dos litixios no marco da aplicación de dita disposición, por unha parte, comprobar que as lexislacións nacionais aplicadas nese marco sono de xeito conforme cos artigos 48 e 52 do Tratado, en particular que a lexislación nacional da cal os requisitos de aplicación se impugnan conleva efectivamente unha protección social para o traballador interesado e, por outra, comprobar se é preciso excluir excepcionalmente a aplicación de dita disposición a iniciativa do traballador interesado cando lle faga perder unha vantaxe de seguridade social da que dispuña inicialmente en virtude dun Convenio de seguridade social vixente entre dous ou máis Estados membros.

Sobre a segunda cuestión

68. Habida conta da resposta dada á primeira cuestión, non procede responder á segunda.

Costas

69. Os gastos efectuados polos Gobernos belga e helénico, o Consello e a Comisión, que presentaron observacións perante este Tribunal de Xustiza, non poden ser obxecto de reembolso. Dado que o procedemento ten, para as partes do litixio principal, o carácter dun incidente promovido perante o órgano xurisdiccional, corresponde a este resolver sobre as costas.

En virtude de todo o exposto,

O Tribunal de Xustiza

pronunciándose sobre as cuestións presentadas polo Tribunal du travail de Tournai mediante resolucións de 5 de outubro de 1999, declara:

O exame das cuestións presentadas non revelou ningún elemento que poida afectar á validez:

- do artigo 14 *quater*, apartado 1, letra b) e do anexo VII do Regulamento (CEE) n° 1.408/71 do Consello, de 14 de xuño de 1971, relativo á aplicación dos réximes de seguridade social ós traballadores por conta allea, ós traballadores por conta propia e ós membros das súas familias que se desprazan dentro da Comunidade, na súa versión modificada e actualizada polo Regulamento (CEE) n° 2.001/83 do Consello, de 2 de xuño de 1983;

- do artigo 14 *quater*, letra b) e do anexo VII do mesmo Regulamento, na súa versión modificada polo Regulamento (CEE) n° 3.811/86 do Consello, de 11 de decembro de 1986.

Non obstante, corresponde, no seu caso, ó xuíz nacional que coñece dos litixios no marco da aplicación de ditas

disposicións, por unha parte, comprobar que as lexislacións nacionais aplicadas nese marco sono de xeito conforme cos artigos 48 e 52 do Tratado CE (actualmente artigos 39 CE e 43 CE, trala súa modificación), en particular que a lexislación nacional da cal os requisitos de aplicación se impugnan conleva efectivamente unha protección social para o traballador interesado e, por outra, comprobar se é preciso excluír excepcionalmente a aplicación de ditas disposicións a iniciativa do traballador interesado cando lle fagan perder unha vantaxe de seguridade social da que dispuña inicialmente en virtude dun Convenio de seguridade social vixente entre dous ou máis Estados membros.

Pronunciada en audiencia pública en Luxemburgo, a 19 de marzo de 2002.